

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

18067 *Real decreto 1547/2011, do 31 de outubro, polo que se regula a medida de investimentos recollida no programa de apoio ao sector vitivinícola.*

O Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, foi modificado polo Regulamento (CE) n.º 491/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, para integrar as decisións normativas adoptadas no Regulamento (CE) n.º 479/2008 do Consello, do 29 de abril de 2008, relativo á organización común de mercados vitivinícolas, e xunto co Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, que desenvolve o anterior, establecen as normas de regulación do mercado vitivinícola.

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, incorporou ao ordenamento xurídico nacional as disposicións de aplicación das medidas de apoio recollidas no programa de apoio ao sector vitivinícola español, comunicado á Comisión no ano 2008, coa excepción da medida de investimentos, para a cal se prevía a súa aplicación a partir do exercicio Feaga 2011.

Este decreto recolle as disposicións que regulan a medida de investimentos, que persegue contribuír á mellora das condicións de comercialización e distribución dos viños españois como complemento das accións de promoción que se veñen desenvolvendo no sector.

A medida de investimentos regulada neste real decreto forma parte do programa nacional de apoio ao sector vitivinícola, que foi comunicado á Comisión Europea no ano 2008, en virtude do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, e que recibiu a aprobación da Comisión Europea. As axudas recollidas non teñen a condición de axudas de Estado, posto que os fondos que financian esta medida proceden exclusivamente da Unión Europea.

Na xestión desta medida, e dentro do marco das súas competencias, participarán tanto o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño como as comunidades autónomas e, no seguimento e avaliación do desenvolvemento e da execución desta contárase, ademais, co asesoramento e orientación das organizacións representativas do sector.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico, intimamente ligada ao desenvolvemento da normativa comunitaria, de acordo co sinalado na xurisprudencia constitucional.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 28 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Co obxecto de mellorar a adaptación ás demandas do mercado e aumentar a competitividade e o rendemento global das empresas do sector vitivinícola, concederáse

apoio aos investimentos destinados a mellorar as condicións de comercialización exclusivamente dos produtos que se describen no anexo XI ter do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, e que se produciron en territorio español.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Poderán presentar solicitudes para acollerse ao financiamento da medida de investimentos microempresas e pequenas e medianas empresas, segundo se definen na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, que produzan e/ou comercialicen os produtos mencionados no artigo anterior e que teñan actividade no momento de presentación da solicitude.

Así mesmo, poderanse beneficiar da medida as empresas con menos de 750 empregados ou cuxo volume de negocio sexa inferior a 200 millóns de euros que cumpran cos mesmos requisitos de produción e comercialización mencionados no parágrafo anterior.

Porén, cando se trate de empresas cuxa actividade sexa unicamente a comercialización, polo menos un 80 por cento da súa facturación deberá proceder da comercialización dos produtos do anexo XI ter do Regulamento n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007.

2. Os beneficiarios deberán demostrar suficiente capacidade e medios para asegurar a adecuada execución do investimento.

Non se concederá a axuda ás empresas en dificultade, segundo se define nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise.

Artigo 3. *Operacións e gastos subvencionables.*

1. Serán admisibles as operacións relativas a investimentos materiais e inmateriais que se describen no anexo I.

2. Consideraranse como gastos subvencionables os recollidos no artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, tales como a construción, adquisición ou mellora de bens inmobles, a compra ou arrendamento con opción a compra de nova maquinaria e equipamento, etc.

Para estes efectos serán de aplicación os artigos 2 ao 10, ambos incluídos, do Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no que sexan de aplicación.

3. O beneficiario comprometerase a cumprir o establecido no artigo 72 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), sobre «Durabilidade das operacións relativas a investimentos» durante os cinco anos seguintes á data da decisión relativa á concesión da axuda.

4. En ningún caso estas axudas poderán ser acumuladas ou complementadas con outras axudas nacionais ou das comunidades autónomas dedicadas á mesma finalidade.

Artigo 4. *Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados que reúnan as condicións exixidas presentarán a súa solicitude, acompañada dun proxecto de investimento e da documentación correspondente, ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre situado o domicilio fiscal da súa empresa, en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, antes do 1 de marzo de cada ano.

2. Os proxectos de investimento presentados deberán, en todo caso, cumprir o disposto neste real decreto e na normativa relativa aos investimentos, así como na demais lexislación aplicable, e conter, polo menos, a información prevista no anexo II. En particular, deberán especificar os medios propios e/ou externos con que se contará para o desenvolvemento do proxecto, de acordo co anexo II.

3. Os proxectos presentados deberán estar o suficientemente desenvolvidos como para que se poida avaliar a súa conformidade coa normativa e a súa viabilidade técnica e económica.

Artigo 5. *Características dos proxectos.*

1. Os proxectos de investimento estarán claramente definidos, especificarán as operacións e detallarán os conceptos de gasto que compoñen cada operación e os custos estimados de cada unha delas, o seu calendario previsto de execución e o país en que se desenvolven.

2. Os proxectos de investimento poderanse executar nun ou dous períodos contados desde a data de solicitude ata o 1 de xullo do ano 2012 ou de 2013, segundo corresponda, sen posibilidade de prórroga. En ningún caso a finalización do proxecto de investimento será posterior ao 1 de xullo de 2013.

O inicio das operacións do proxecto de investimento previamente á resolución non implica compromiso ningún por parte da Administración sobre a concesión da axuda.

Artigo 6. *Tramitación das solicitudes.*

1. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes en canto á súa conformidade con este real decreto. Tamén se asegurará a compatibilidade dos investimentos propostos con outras posibles axudas solicitadas ou recibidas polo beneficiario.

2. De acordo cos criterios de avaliación establecidos no anexo III, as comunidades autónomas elaborarán unha lista provisional cos proxectos de investimento seleccionados priorizados, e remitirana ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 1 de abril, no formato electrónico, anexo IV, dispoñible na web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Xuntarase a ela a documentación dos proxectos seleccionados (copia do formulario e ficha do anexo II).

En caso de empate darase prioridade aos proxectos presentados por microempresas e pequenas e medianas empresas de comercialización conxunta.

3. A partir das listas provisionais dos proxectos de investimento seleccionados polas comunidades autónomas, a Dirección Xeral de Industria e Mercados Alimentarios elaborará a lista definitiva tendo en conta os criterios, de igual valor entre si, que a continuación se relacionan e someteraa á aprobación da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural:

- a) A oportunidade e calidade dos proxectos.
- b) O interese nacional e comunitario dos proxectos.
- c) A súa compatibilidade, coherencia e complementariedade coas medidas de promoción que se estean desenvolvendo no sector.
- d) O incremento previsible da capacidade de comercialización.
- e) As garantías de que os axentes económicos participantes son eficaces e dispoñen da solvencia necesaria.
- f) A relación calidade/prezo dos proxectos.
- g) A dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 7. *Resolución.*

1. Unha vez aprobada pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural a lista definitiva dos proxectos de investimento seleccionados, as comunidades autónomas ditarán as resolucións correspondentes e notificaránlles aos beneficiarios. O

prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

2. No caso de resolución positiva, os beneficiarios comunicarán ao órgano competente da comunidade autónoma, nos quince días seguintes ao da notificación da resolución, a aceptación da resolución nos termos establecidos ou, de ser o caso, a renuncia. A aceptación deberase acompañar dunha garantía de boa execución, de acordo coas condicións previstas no Regulamento (CEE) n.º 2220/85 da Comisión, do 22 de xullo de 1985, polo que se establecen as modalidades comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas, por un importe do 15 por cento do montante do financiamento comunitario, co fin de asegurar a correcta execución do proxecto.

3. A exigencia principal, conforme o artigo 20 do Regulamento (CEE) n.º 2220/85 da Comisión, do 22 de xullo, será alcanzar o obxectivo final do proxecto de investimento, cun cumprimento de, polo menos, o 75 por cento do orzamento total aprobado por resolución do órgano competente.

4. A comunidade autónoma deberá comunicar ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 1 de decembro as aceptacións, renuncias ou desistencias que se produciron dentro do procedemento, para o efecto de poder dispor dos fondos que se liberen, se é o caso.

Artigo 8. *Modificación dos proxectos de investimento.*

1. O beneficiario poderá solicitar a modificación das operacións previstas nun proxecto de investimento, sempre e cando non se altere o seu obxectivo final.

2. Calquera modificación deberá ser autorizada polo órgano competente da comunidade autónoma. As modificacións no calendario de execución deberán ser comunicadas ao órgano competente da comunidade autónoma.

3. En ningún caso se poderán introducir modificacións que supoñan un incremento dos orzamentos aprobados para os proxectos de investimento.

Tampouco se poderán modificar os orzamentos á baixa por importes superiores ao 10 por cento do orzamento total aprobado por resolución se se realizan durante o último trimestre do período en que finalice o proxecto.

4. As comunidades autónomas comunicarán as modificacións que se produciron ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 1 de xuño do exercicio Feaga correspondente.

Artigo 9. *Financiamento.*

1. O financiamento comunitario dos investimentos recollidos no artigo 3 deste real decreto realizarase de conformidade co artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola comunitaria.

2. Aplicaranse á contribución comunitaria os seguintes tipos máximos de axuda en relación cos custos de investimento admisibles:

- a) 50 por cento nas comunidades autónomas clasificadas como rexións de converxencia conforme o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006.
- b) 40 por cento nas comunidades autónomas distintas das rexións de converxencia.
- c) 75 por cento na Comunidade Autónoma das Illas Canarias.

Estes tipos máximos de apoio refírense ás microempresas e pequenas e medianas empresas. Para o resto das empresas con menos de 750 empregados ou cuxo volume de negocio sexa inferior a 200 millóns de euros, a intensidade da axuda reducirase á metade nas rexións especificadas nas letras a) e b).

3. Os proxectos de investimento financiaranse con cargo ao exercicio Feaga en que finalicen. Non obstante, poderanse conceder anticipos con cargo ao primeiro dos exercicios orzamentarios para o cal se presentou a solicitude, de acordo co artigo 10.

Artigo 10. *Anticipos.*

1. O beneficiario poderá presentar ao organismo competente da comunidade autónoma unha solicitude de anticipo que poderá chegar ao 20 por cento do importe da contribución comunitaria total ao proxecto de investimento.

2. O pagamento dun anticipo supeditarase á constitución dunha garantía a favor do órgano competente da comunidade autónoma, por un importe igual ao 110 por cento do dito anticipo, de conformidade coas condicións previstas no Regulamento (CEE) n.º 2220/1985 da Comisión, do 22 de xullo de 1985, polo que se establecen as modalidades comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas.

3. Deberase solicitar o anticipo como máis tarde nos trinta días seguintes á aceptación da resolución.

4. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 1 de decembro a lista cos proxectos que solicitaron anticipo e a súa contía.

5. Para o pagamento do saldo da axuda descontarase, se é o caso, o anticipo percibido.

Artigo 11. *Pagamentos.*

1. O beneficiario terá dereito á axuda unha vez que se confirme que se realizaron e comprobaran sobre o terreo todos os investimentos previstos na solicitude de apoio aprobada, excepto nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

2. Se se comproba nos controis que non se cumpriu o obxectivo final do proxecto de investimento ou que non se executou como mínimo o 75 por cento do orzamento de investimento aprobado, en ambos os casos por causas diferentes ás de forza maior ou circunstancias excepcionais, que deberán estar adecuadamente xustificadas polo receptor da axuda e aceptadas pola autoridade competente, exixirase o reintegro das cantidades aboadas e executarase a garantía de boa execución.

3. Todos os pagamentos se deben realizar a través dunha conta única dedicada en exclusiva a este fin.

4. Nos dez días seguintes á finalización do proxecto de investimento na súa totalidade, deberase comunicar a súa execución á autoridade competente, para que se poidan realizar os controis oportunos.

Así mesmo, como máis tarde o 1 de agosto do ano en que conclúa o proxecto, o beneficiario solicitará o pagamento do saldo da axuda e presentará a documentación xustificativa ante o órgano competente da comunidade autónoma.

5. A comunidade autónoma realizará os pagamentos nun prazo máximo de sesenta días desde a recepción completa da solicitude de pagamento.

6. A solicitude de pagamento irá acompañada da seguinte documentación:

a) Memoria de execución valorada, incluíndo, se é o caso, a xustificación das causas excepcionais ou de forza maior.

b) Documentación probatoria da data de inicio das operacións, que deberá ser posterior á da solicitude.

c) Facturas e documentos probatorios do pagamento.

d) Extracto bancario da conta única en que se realizaron os pagamentos.

7. O pagamento da axuda estará supeditado á presentación das contas xustificativas do investimento, verificadas por un auditor de contas ou sociedade de auditoría inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas ou, no seu defecto, á verificación por parte da comunidade autónoma das facturas e documentos mencionados anteriormente.

Artigo 12. *Liberación de garantías.*

1. A garantía de boa execución terá validez ata o momento do pagamento do saldo e liberarase cando a autoridade competente da comunidade autónoma acorde a súa cancelación, logo da comprobación administrativa e sobre o terreo da realización do proxecto de investimento e da execución de, polo menos, o 75 por cento do orzamento aceptado.

2. A garantía do anticipo liberarase cando a comunidade autónoma recoñecese o dereito definitivo a percibir a axuda.

Artigo 13. *Controis.*

Aplicarase o recollido no artigo 58 do Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, e, en particular:

a) Os controis administrativos e sobre o terreo levaranse a cabo de conformidade co disposto no artigo 4.5 e nos artigos 24, 25, 26, 27 e 28 ter do Regulamento (CE) n.º 65/2011 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro de 2005, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, no que lles sexa de aplicación.

b) Comprobarase que as operacións incluídas no proxecto de investimento non perciben axudas en virtude do artigo 103 septdecies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 e do artigo 62 do Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro.

c) Comprobarase o disposto no artigo 72 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro de 2005, sobre a durabilidade das operacións relativas a investimentos.

Artigo 14. *Avaliación e seguimento da medida.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño intercambiará información, por vía electrónica, coas comunidades autónomas e o sector para garantir o seguimento da medida e promover o seu correcto funcionamento.

2. As comunidades autónomas elaborarán un informe anual do resultado dos proxectos de investimento e controis efectuados, que se enviará antes do 1 de novembro ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa información facilitada polas comunidades autónomas, realizará anualmente un informe xeral de avaliación da medida acompañado, se é o caso, de propostas de modificación.

Artigo 15. *Pagamentos indebidos e sancións.*

Será de aplicación o establecido no artigo 61 do Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola.

Disposición transitoria única. Prazo de presentación das solicitudes para proxectos de investimento que se financien con cargo ao exercicio Feaga 2012.

No prazo máximo de trinta días hábiles contado a partir da entrada en vigor deste real decreto, os interesados poderán presentar as solicitudes de proxectos de investimento ás comunidades autónomas.

As comunidades autónomas deberán remitir ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño os proxectos de investimento seleccionados, segundo o procedemento establecido no artigo 6, no prazo de trinta días hábiles desde o final do prazo establecido no parágrafo anterior.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar os anexos deste real decreto de acordo coas modificacións da normativa comunitaria, así como para modificar as datas e os prazos contidos nesta disposición.

Disposición derradeira terceira. *Deber de información.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e as comunidades autónomas intercambiarán, preferentemente por vía electrónica, a información necesaria para facilitar o seguimento das disposicións recollidas neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO